



Bases da actividade ‘Rolda da igualdade’ DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 25 de novembro



Temática

Vencellada á igualdade de xénero.

Participantes

Pode participar de xeito individual, a través da súa conta de Twitter ou Instagram, calquera persoa que siga a EOI de Vilagarcía nas redes sociais e desexe participar no actividade. A participación implica a aceptación das presentes bases.

Como participar?

A través das redes sociais Twitter, Instagram, presentarase esta actividade de sensibilización contra a violencia de xénero. A actividade consiste en subir unha fotografía cunha rolda de palabras, á que as persoas poderán contestar facendo cadea, escribindo nos comentarios por orde a palabra que comece por cada unha das letras do alfabeto, vencelladas ó tema da igualdade de xénero. Poderanse usar palabras nas cinco linguas de traballo da escola (alemán, francés, inglés, italiano e portugués) e tamén o galego.

Normas de participación

- Os comentarios inicianse coa letra A, incluíndo unha palabra en calquera das cinco linguas estranxeiras que se ensinan na escola: alemán, francés, inglés, italiano e portugués; e o galego. Continuarase cunha palabra para a letra B, e así sucesivamente.
- Os comentarios íranse facendo en cadea e as linguas poden mesturarse, obtendo así unha liña de comentarios multilingüe.
- A participación leva implícita o respecto polo manual de uso seguro e responsable da rede e das TIC do protocolo de convivencia da EOI de Vilagarcía. Non se tolerarán comentarios que incorran en condutas contrarias ás normas xerais de convivencia e todo comentario cuxo contido se considere inadecuado, ofensivo, inxurioso ou discriminatorio, ou que poidan vulnerar os dereitos de terceiros, será inmediatamente eliminado da participación, apercibido e denunciado ás autoridades relevantes.

Duración da actividade

A actividade estará activa en redes durante a semana do 23 de novembro ó 27 de novembro, para facela coincidir coa conmemoración do **Día internacional contra a violencia de xénero, 25N**.

Publicidade

A EOI de Vilagarcía se reserva o dereito de difundir a actividade mediante os medios de difusión cos que conta, así como de presentala á entidades de colaboración: eminentemente a Área de Igualdade do Concello de Vilagarcía, así como outros centros de ensino colaboradores no grupo de traballo “Xénero e Igualdade”, promovido polo CIM Vilagarcía.

Referencias

Actividade adaptada do [repositorio](#) do programa da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia *Nós contra a violencia*.